



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Expediente: 2022/G010/000012

Valdoviño, 12 de setembro de 2022.

Hora: 10:00

Lugar: Salón de Sesións da Casa do Concello

Primeira convocatoria

Celebración sesión ordinaria, para a que se reúnen baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os/as concelleiros/as:

PsdeG- PSOE:

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Benito Manuel Vega Fernández

Alejandro Antonio García Sousa

Germán Gómez Senra

M^o Pilar Caamaño Vilela

PP:

Kristel Testa Ameneiros

CENVAL:

Dolores Bernardina Veiga Doce

Non asisten por causas xustificadas:

Dona Jessica Sabín Fernández e dona Ana Belén Pérez Fernández do PsdeG-PSOE.

Don Javier Bouzamayor Casas do PP.

Don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do BNG.

Asistidos da secretaria municipal Carlota González Navarro

Abre a sesión o Presidente dado que existe quorum, para entrar no debate e votación dos seguintes puntos da Orde do Día:

I) PARTE DISPOSITIVA

1^o- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 04.08.22 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalles aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión citada do 4.08.22 queda aprobada sen ningunha obxección polo Pleno da Corporación (votación ordinaria e aprobada por unanimidade dos asistentes a esa sesión).

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O sr. Alcalde sinala que visto que deberá presentarse a documentación para participar na 2ª fase do POS+Adicional 2/2022 ata 15.00 horas do 5 de outubro de 2022 ante a Deputación Provincial da Coruña e celebrando no día de hoxe, sesión de carácter ordinario e tendo preparada a correspondente proposta, presenta por via de urxenza este asunto ante o Pleno, quen ratifica dita urxenza en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes, polo que se inclúe Fóra da Orde do Día da sesión:

.- PROPOSTA DA ALCALDIA- PRESIDENCIA PARA A APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2022 POS +ADICIONAL 2/2022.-

.-PARTICIPACIÓN NO POS+ADICIONAL 2/2022 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.-

A N E X O XXII b)

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA A APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2022 - POS+ADICIONAL 2 /2022

Vista a circular da Deputación da Coruña sobre a aprobación da modificación das bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ 2022” para regular o POS+Adicional 2/2022 para o gasto corrente/investimentos financeiramente sostibles/revisión excepcional de prezos segundo o acordo do Pleno da Deputación provincial de data 27 de maio de 2022 polo que se aprobou a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+2022” para regular o POS+Adicional 2/2022, para ao financiamento dos gastos correntes dos concellos do exercicio 2022 e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais, como medida extraordinaria adoptada para a axudar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada da persistencia da pandemia motivada pola COVID-19 e da guerra de Ucraia, coa conseguinte alza de prezos de determinados bens e servizos que repercute directamente nun incremento do custo da prestación dos servizos municipais obrigatorios, así como da execución das obras públicas contratadas polos Concellos.

Considerando que o importe da achega provincial asignada ao Concello de Valdoviño segundo a circular enviada en data 20/04/2022 ascende a 411.885,29 euros.

Esta Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, e en relación co artigo 22, apartado 2.m da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03

PROPÓN:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 2/2022” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a

aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados en 2022	393.885,29 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello			
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022 e que se relacionan nesta táboa.

C) Financiamento da revisión excepcional de prezos:

Revisión excepcional de prezos	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento da revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais	18.000,00 €

D) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2022	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
Gastos correntes servizos obrigatorios	393.885,29 €				393.885,29 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Revisión excepcional de prezos obras municipais	18.000,00 €				18.000,00 €
TOTAL	411.885,29 e	0,00	0,00	0,00	411.885,29 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2022, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

O alcalde:

Asdo.

Dixital

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e unanimidade dos asistentes á sesión), acordou a súa participación no POS+Adicional 2/2002 da Deputación Provincial da Coruña, coa aprobación da proposta de Alcaldía.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE XULLO DE 2022.-

Dáse conta ao Pleno, en virtude do artigo 42 do R.D. legislativo 2568/86 do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dos decretos ditados no mes de xullo de 2022, que comprenden do número 319 ao 401 aos efectos de control e fiscalización dos órganos de goberno local, conforme ao previsto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

A documentación relativa a este asunto comprensiva de listado numerado e extracto do asunto entregouse e estivo a disposición dos/as concelleiros/as con anterioridade á sesión plenaria.

Os/as concelleiros/as tomaron coñecemento das resolucións da Alcaldía.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

.- Sra. Veiga Doce.- En Broño, segue a haber problemas na estrada, a empresa “Viaqua” non aparece por alí para solucionar. Os coches salen fóra do asfalto.

Responde o Sr. Vega Fernández que fixeron un corte e non hai asfalto, pero que o están amañando.

.- Sra. Testa Ameneiros.- Comentaronme que as marquesiñas non están limpas; ao

Responde o Sr. Vega Fernandez que xa as limparon.

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde- Presidente, da por rematada e levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos deste día, do que como Secretaria, estendo a presente Acta e CERTIFICO.

/Documento datado e asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/